



## CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

### CONVOCATORIA DE PROCESO PARA A SELECCIÓN DUN/HA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira, Lugo, na sesión extraordinaria do 30 de decembro do 2015 aprobou a modificación das bases reguladoras do proceso de selección de persoal laboral non permanente para a cobertura dun emprego de auxiliar de axuda no fogar do Concello de Baleira e creación dunha bolsa de emprego para a contratación temporal de auxiliares de axuda no fogar.

1º.- Procedese á modificación das mencionadas bases segundo o seguinte teor literal:

A base cuarta quedará redactada do seguinte xeito:

#### CUARTA.- ANUNCIO DE CONVOCATORIA E PUBLICIDADE.

O anuncio de convocatoria farase público no Diario Oficial de Galicia e as bases publicaranse no Boletín Oficial de Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos e na páxina web ([www.concellobaleira.es](http://www.concellobaleira.es)). A data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia será a que serva para determinar o inicio do cómputo do prazo para a presentación de solicitudes. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Baleira e na páxina web do Concello ([www.concellobaleira.es](http://www.concellobaleira.es)). Unha vez publicado o anuncio no Boletín da Provincia de Lugo, as bases estarán a disposición de calquera interesado/a. -----

A base quinta no seu apartado segundo quedará redactada do seguinte xeito:

#### QUINTA.- SOLICITUDES.

2.- O prazo de presentación de instancias será de **20 días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación dun novo anuncio de convocatoria, no que se faga referencia á modificación das bases, no Diario Oficial de Galicia. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte.

O resto das bases quedará redactado tal como se aprobaron inicialmente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de setembro de 2015.

2º.- Publica-la presente modificación das bases no Boletín Oficial de Provincia de Lugo, no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web [www.concellobaleira.es](http://www.concellobaleira.es). Do mesmo xeito remitirase novo anuncio de convocatoria no que se faga referencia á modificación das bases ó Diario Oficial de Galicia de conformidade con disposto no acordo de modificación.

Baleira, 7 de xaneiro de 2015.

O Alcalde,



Asdo. Angel Enrique Martínez-Puga López.